

Crónica de Nova York

A cidade da soidade

Unha viaxe con Inma López Silva e Cristina Pato

FRANCISCO CASTRO

En abril de 2018 estiven nove días en Nova York. En troques de levar unha grossa guía da cidade que teño dende hai unha chea de anos —na crenza máxica de que se mercaba a guía o destino me levaría alí—, preferín usar, como compás do meu camiñar pola Capital do Mundo, o libro de Inma López Silva, *New York, New York* (Galaxia, 2007).

Empeceino cando o avión saíu de Madrid. Perfecto para as oito horas de viaxe. Sobroume unha. Entre sonecas, o xantar de plástico de Air Europa e unha merenda aínda máis sintética (nos dous sentidos da palabra: breve, artificial), devorei esta obra en que ademais de gozar da escrita sempre engaiolante da súa autora, entendín, creo que bastante ben, a complexidade, o vigor, e a alma, desa cidade que me esperaba alí abaixo, logo de tanto mar.

Nalgún intre do libro, Inma dicíame, “New York é a cidade da soidade”. Pensei: carafio, non ha ser para tanto! Aquí viven once millóns de persoas. Como será posible sentirse só se hai tanta xente? *Maloserá* que un non encontre con quen intercambiar unhas verbas amigables, un solpor de domingo, un chisco de sexo confortable. Eu que sei. Non será para tanto.

Unha das mañás paseina con Cristina Pato. Leva catorce anos vivindo alí, así que, como



Inma, sabe moi ben do que fala cando se refire á Gran Mazá (coma naquela película do *new-yorker* máis famoso, Woody Allen, cando quedaba cunha muller para ir cear e el pedíalle cando antes un beixo na boca, “e así xa queda feito”, pois eu solto o tópico froiteiro canto antes, e así xa queda feito tamén). Cristina, nun intre en que cruzabamos, como ela di “á vi-

guesa”, ou sexa, por calquera sitio, esquivando o tráfico, espetoume sen avisar: esta é a cidade da soidade. A frase rebotoume dentro da cachola e fíxome lembrar o libro de Inma. “Soidade?”, preguntelle a Cris. “Si, aquí hai moita xente que está soa. Non é un bo lugar para vivir. É perfecto para traballar. Pero a vida aquí non espera por ti. Non é unha boa cidade para facerse vello”.

Dalgunha maneira, a miña estadia en Nova York foi da man de dúas mulleres ás que admiro e que á súa vez admiran, coñecen e aman a cidade e as dúas facían a mesma avaliación sobre ela e a súa dureza.

Creo que nunca chegarei a saber a verdade ou non da súa unánime afirmación. Por outra banda, non dubido de que se mo din é porque é certo. Pero como digo, eu non vou residir nunca en NYC. Eu son un afortunado turista (en realidade, convidado a un festival de poesía) e teño a oportunidade de coñecer a cidade non como un

Francisco Castro é escritor
e director xeral de Editorial Galaxia.

home só nunha cidade de xente solitaria (lembro agora o “All the Lonely People” dos Beatles, toda esa xente solitaria que corre para un lado e para outro sen se mirar nunca aos ollos, sen saber nada uns dos outros, ignorándose nunha convención aceptada e en ningures escrita pero certa: déixame en paz, vive a túa vida ou o que sexa que vivas ti), senón “á miña bóla”, indo cara a onde me leven os pés (o segundo día —xa que fago referencia aos meus pés— fun a unha Pharmacy mercar apósitos de silicona para as miñas ampoladas dedas).

Nesa algo máis dunha semana que estiven alí, as mañás tíñaas sempre libres. E unha mañá en NYC, se un madruga, dá para moito. E eu sonvos de durmir pouco. Son un escritor galego, así que xa saben...

Aloxeime no hotel Roosevelt, en Madison Avenue, todo un luxo. Non tanto o hotel (que estaba ben, deses con portas xiratorias polas que un espera ver saír un tipo de traxe de raias, chapeu de lado e unha maleta de violín —con metrallita dentro, claro— logo de facer *un traballíño* para algún *capo* italiano), porteiros con chistera e uniforme, e sempre unha limusina, ou dúas, apostadas na porta (porque en Nova York hai limusinas de verdade con xente de verdade dentro que as usa, por inaudito que pareza, para desprazarse dunha beira a outra desta cidade xigantesca. Nos arredores de Central Park, por exemplo, transitan un mundo delas. Eu só vira unha que hai en Vigo e que se contrata para despedidas de solteiras e solteiros. Alí, en NYC, vendo pasar limusinas de todas as cores e tamaños, entendín que era un pobre *ghicho* de Teis sen mundo ningún), todo un luxo, dicía, o meu hotel, porque estaba nunha



A Universidade de Columbia, un dos berces da contracultura dos anos 60



Na 5ª Avenida, a Torre Trump, excesiva, coma o seu propietario



Vista desde Central Park

rúa “con nome”. Porque as rúas de Nova York, agás unhas cantas, non teñen nome. Son un número ordinal. A Quinta Avenida, seguro que vos soa. Pois todo así. Unha complicación para a mentalidade europea ata que lle pillas o truco. Xeometría urbana. Cartesianismo euclidiano. Algo así.

Coma o Metro. Ao primeiro era incapaz de moverme por el. Eu, que tanto teño gozado nos metros das grandes cidades europeas, capaz de prescindir aos dous días de plano ningún do ben que me oriento dentro dese organismo subterráneo, eu, na estación Grand Central (que todos lembraremos por aquela mítica escena do carriño de bebé da película *Os intocables de Eliot Ness*), marabillado diante daquel luxo de estación xigantesca pola que pasan máis de medio millón de persoas ao día, andei perdido bastante tempo entre limpabotas, policías armados con metralletas e vestidos con traxe de camuflaxe, e moita, moita xente que corría. Perdido ata que atopaba a vía correcta. E, sobre todo, perdido dentro do tren cando me decataba de que ía en dirección oposta a onde quería ir en realidade. Cando deixou de ser unha quimera inintelixible? Cando

aceptei a xeometría urbana, o cartesianismo euclidiano, etc. Ou sexa, cando aprendín a pensar coma eles.

E o pensamento é sinxelo: ou vas *Uptown* (para arriba da cidade) ou vas *Downtown* (para abaixo). Simple. Non hai que pensar. Mira lo plano. E non te perdes máis.

Na televisión, como xa me anunciara Inma no seu libro, tes duascenas canles. En todos os idiomas que imaxines. Inglés, castelán, chinés e algún en ruso. Centreime nos locais, sobre todo nos informativos. A primeira conclusión escoitandoos narrar a actualidade é que son un pobo sumamente infantil. Nos sucesos falaban de cousas como que “os malos irromperon hoxe en...” Tentei imaxinar calquera presentador de telexornal en España falando dos “malos” ou referíndose aos policías coma os “bos”. Pero falan así. Nos sucesos e noutra chea de cousas, como cando falan de xeopolítica. O presidente norcoreano é “malo”. Dino así, sen pudor.

De Trump poderían dicir que é “parvo”. Pero só din que é o presidente.

Unha das mañás, era domingo, achegueime ata Harlem coa idea de ir a unha misa Gospel.



Estampa típica: taxis amarelos e coche de cabalos para turistas

Eu, ateo que abandonou as igrexas logo da Co-muñón (tiña 7 anos), rematei escoitando un sermón dun sacerdote e dunha sacerdotisa, engalanados fermosamente con túnicas de cores. Púxenme en pé para levar as palmas e o ritmo cando cumpría. E rin cando todos riron. E observei con curiosidade feliz os dous responsables daquela congregación despedindo un por un a todas as persoas que, elegantísimas, acudiran aquela mañá á igrexa. De alí, incluso eu, saía todo o mundo sorrindo. O sacerdote e a sacerdotisa, ou pai e nai, ou como lle digan, abrazaron a todos antes de saír.

Eu coeime veloz cando apertaban a outros. Escapei.

O da aperta xa me parecía un exceso.

Aquel domingo visitei a Universidade de Columbia. Coma nunha película, familias enteras ocupaban o céspede e xogaban ao *baseball* ou lanzaban o *fresbie*. Sentei nunhas escaleiras diante da Facultade de Filosofía, consciente de que estaba nun espazo importante como foi aquel campus onde se xestaron unha boa cantidade de ideas contraculturais dos anos 60. Non me custou imaxinar hippies alí. Desexei ter unha guitarra

acústica e cantar “Give Peace a Chance”, de Lennon a coro con quen lle apetece. Pero non había ningunha á man. Nin guitarra nin xente con aspecto de apeterlle cantar comigo ese himno pacifista.

No alto da Biblioteca (semella o Partenón, pero sen romper), un mollo de xornalistas perseguían coas súas cámaras un señor elegantísimo que, finalmente, apoiou as costas nunha das columnas e contestou a todo o que lle preguntaron. Achegueime. Nin idea de quen era.

Debo recoñecer que acudín aos Estados Unidos cunha certa predisposición negativa fronte aos nativos. Imaxino que pasar a adolescencia lendo por todas partes *Ianquis Go Home* condicionoume moi negativamente. Con todo —e como Inma contaba no libro e Cristina confirmou—, os e as estadounidenses son extremadamente agradables no trato. Probablemente están moi sós. Viven sós e morren sós, como explicaron as miñas guías. Pero pónenche boa cara sempre. E alí onde necesitei preguntar algo (continuamente, estaba sen datos no teléfono, imaxínade a traxedia, e tiña que ir aos lugares —sete en total— onde tiña que recitar) sempre dei con



Trafalgar Square. A vida en neon

xente amable que sacaba o móbil, abría o *Google Maps* e me indicaba como chegar. Incluso, perdido logo da misa Gospel aquel domingo, pregunté a unha señora duns setenta anos como chegar ao metro, e logo de pensar moito como explicarme, espetoume:

—Non vas chegar, así que te levo.

—Como? non, muller, deixe, deixe, como vai levarme?

—Si. Temos uns vinte minutos ata alí. Veña, vamos!

E, en efecto, fomos camiñando xuntos, falando de moitas cousas, e alí me deixou, na entrada do Metro (logo de preguntarme, “uptown ou downtown?”). Faltoulle, a aquela avoa que viña de adoptarme, poñerme unha bufanda, subirme a cremalleira da cazadora e darme unha piruleta.

Si, atopei xente moi amable. Persoas pola rúa ás que, se miras aos ollos, saúdan ou che din “How are you?” E ti, claro, “Fine, thanks you”. Xentes que á hora do almorzo, no Urban Space (todo moi de serie Netflix) tiñan algo que contarme, malia que eu non os coñecía de nada e eles a min, obviamente, menos. Eu só quería almorzar e espertar mentres mollaba o meu croissant de cada día. Xente amable que quizais é tan amable porque si, están sós e, cando menos, durante

o tempo do almorzo, establecen, a través da conversa, un pacto coa humanidade, esa especie insoportable.

Foi o Festival Kerouac 2018 quen me convidou. Recitei nunha morea de espazos diferentes. Dende os serios Instituto Cervantes ao estraño ferry que une Brooklyn con Manhattan, pasando pola Casa de Galicia e La Nacional. Todos eles foros ben estimulantes, e fixéronme moi feliz pero, sobre todo, o meu ego de autor morría de ganas de recitar no Bowery Poetry Club, un templo laico da poesía urbana máis vangardista. Eu era moi consciente das grandes voces que pasaran por alí. E por alí quería pasar, e pasei, cos meus poemas de contrabando.

Independentemente do feito estético, un cebra ver que as persoas asistentes a este tipo de actividades (agora agárrense que veñen curvas) pagan (si, leron ben) por escoitarte recitar. Pagan nese sitio e pagan noutros moitos lugares. Por asistir a conferencias, por exemplo. Entenden que a cultura se paga. Igualiño que por estas latitudes. E como pagan, un séntese realmente responsable e tentas dar o mellor de ti. Estás subido a un escenario. E esa xente de aí abaixo con copas pagou por escoitarte, así que non sexas chambón e fai algo digno. Algo digno e con clase. Algo digno, con clase e que pague a

pena. Porque pagan e, como non lles guste, dirancho.

E non sei se lles gustou. O que si sei é que en todos os espazos onde recitei dixeron que lles gustaba a lingua galega. Non sei se lles gustaba o que escribín (e que puideron ler tamén en inglés, que eu son un home previsor) pero si que lles gustou, e sorprendeu, o que lles contei sobre a lingua milenaria do meu país, da literatura galego-portuguesa, da nosa rica historia cultural. Para eles en España só hai unha lingua: o español. E mira ti, apareceu un señor dicindo que, cando menos, hai catro.

Foi iso, sen dúbida, un dos aspectos máis gratificantes da miña viaxe. Ver o ben que reaccionaron diante desa información que descoñecían sobre unha lingua que se chama galego e na que se pode escribir poesía. Aínda que sexa da mala, no meu caso.

Parte do meu traballo alí, pois, foi case que de apostolado. Para poñer Galicia e, sobre todo, o galego, dentro das súas cabezas.

Se vas a Nova York tes que perdeste nos museos. Algo aprendín sobre eles. Porque o MOMA podes velo porque é pequeno e todo está concentrado. Abraia. É emocionante. Non teño pudor ningún en dicir que *As señoritas de Avignon* me produciu unha emoción como poucas veces sentín diante dun obxecto artístico. Apareceu un chisco de repente porque, seguindo o itinerario do museo, entras na sala onde está dende atrás, así que dende a porta, ala, así, sen avisar, aparece. Impresionoume tanto (malia telo visto tantas e tantas veces en mil libros e documentais) que decidín saír para mentalizarme antes de entrar. E cando reunín o valor suficiente para enfrontarme a esa marabilla, sentei diante. Case que media hora. Asténico. Sen forzas. Case mareado.

A beleza.

A outra cousa que aprendín sobre os museos de Nova York é que o Metropolitan é imposible de ver. Alguén xa me avisara, que só é posible ver ese museo mastodóntico se vives varias veces. Nunha soa vida non é posible. E abofé que levaba razón. Vin un cacho, un anaco, un fragmento, un pouquiño. E iso que botei toda unha mañá alí.

En definitiva, foron nove días en que non tiven tempo de saber se Nova York é ou non é a Cidade da Soidade, como manteñen Inma e Cristina, pero onde non deixei nada sen ver. Incluso, claro (os que ben me coñecen saben que non podía deixar de facelo) o edificio Dakota, onde John Lennon foi asasinado. Imaxinara moitas veces como sería estar alí. E o certo é que foi totalmente diferente de como pensara. Sobre todo, sentín mágoa, unha tristura enorme. Teño 51 e reparei en que Lennon tiña 40 cando o ti-



O edificio Dakota, onde Lennon vivía, e o mosaico de homenaxe en Central Park

rotearon naquel mesmo lugar que eu pisaba. Decateime do novio que era. De que, malia todo o que xa vivira, en realidade, estaba empezando a vida para el. E imaxinei, e creo que incluso sentín, a súa profunda soidade, mentres morría aos poucos, nunha ambulancia amarela, que corría desesperada polas rúas de Nova York ■